

5 as telleiras



O **PALLETE**, **CUBERTO** ou **CABANÓN** era unha estrutura, formada por esteos de pedra e trabes de madeira cuberta de tellas, que se apoiaba nas paredes do forno e rodeábao por dúas ou tres caras. Podía ter forma semicircular ou rectangular e estar aberto ou pechado por paredes de ladrillo, pedra, ou polos propios materiais asentados. A súa función era almacenar materiais e ferramentas.



A **LEÑEIRA** era unha construción apegada á cara do forno na parte onde se atopa a boca da caldeira. Servía para almacenar o material de combustión e de habitación para a persoa que controlaba a alimentación do forno.



ESPAZOS E CONSTRUCIÓN AUXILIARES




A **EIRA** era un espazo chan que rodeaba a telleira onde se realizaban os diferentes traballos e se secaba o material. O piso debía estar liso e duro para que non se deformasen as pezas. Para iso nivelábase ben botándolle capas de barro pisado con auga. Nalgúns casos empedrábase. Estaba dividida en dúas partes: a **eira**, propiamente dita, onde se realizaban os traballos, e a **praza**, lugar onde se almacenaba a leña.



AS PÍAS eran escavacións circulares de 3 a 6 m de diámetro e de 50 a 70 cm de fondo, rodeadas de pedra, nas que se amolecía e amasaba o barro. Xeralmente había dúas para dispor sempre de barro.

Nas telleiras que estaban na beiramar, como as do Salnés, construíanse **EMBARCADOIROS** para que puidesen atracar os barcos que transportaban o material. Como eran zonas de pouco calado escavábanse canles para facilitar o atraque dos barcos.



Telleiro de Manuel González.
O Facho-Castro, 1982.

AS CASETAS OU CHABOLAS eran construcións situadas nun extremo da eira nas que vivían os traballadores durante a tempada de traballo.



Familia González
na telleira do Facho
arredor de 1960.